



## **ESTATUTOS DA «FUNDACIÓN ARUME»**

### **TÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1. Denominación e natureza**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación de «FUNDACIÓN ARUME», constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo permanente á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes Estatutos.

#### **Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación**

O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, na Avenida de Fernando Casas Novoa, número 38, da localidade de Santiago de Compostela (C.P. 15707), provincia da Coruña.

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

#### **Artigo 3. Personalidade xurídica e capacidade**

A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, o que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 4. Duración**

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Sen prexuízo disto, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideran cumpridos, ou fose imposible a súa realización, o

Padroado poderá acordar a súa extinción, conforme ao disposto na lexislación vixente e nestes Estatutos.

#### **Artigo 5. Réxime normativo**

A Fundación rexerese pola vontade dos fundadores expresada nestes Estatutos, polas disposicións que, en interpretación e desenvolvemento dos mesmos, estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; polo Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego; polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle resulten de aplicación da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal de entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; e polo Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola demais normativa estatal e autonómica que sexa de aplicación.

### **TÍTULO SEGUNDO: OBXECTO DA FUNDACIÓN**

#### **Artigo 6. Fins**

A Fundación ten por obxecto:

- 1º. Promover o valor e o uso dos montes galegos, en especial os de coníferas e, en particular, dos piñeiros de Galicia, mediante o impulso de plans integrais e a realización de actuacións de dinamización e recuperación dos montes e a potenciación do uso das súas madeiras para xerar un ecosistema sostible e, con iso contribuír activamente a unha maior riqueza forestal, á mellora do medio rural, ao benestar dos cidadáns e ao desenvolvemento económico de Galicia.
- 2º. A recadación de fondos e obtención de axudas –ben sexan subvencións, donativos, ou axudas de calquera outra índole- destinadas a financiar actividades de investigación, a través de proxectos de I+D, de innovación, de formación, de comunicación e de divulgación coa finalidade de mellorar os montes de coníferas; así como calquera outros de promoción do uso das súas madeiras–nos ámbitos propios da cadea de valor forestal galega.
- 3º. Fomentar e impulsar a implantación de modelos de silvicultura tecnicamente contrastados, a mellora xenética dos materiais de reprodución e a certificación da xestión forestal sostible nos montes galegos.
- 4º. Sensibilizar á opinión pública e ás Administracións Públicas acerca da importancia ambiental e económica dos ecosistemas de piñeirais e do uso dos piñeiros de Galicia, así como promover as medidas legislativas adecuadas para protexer e promover a silvicultura activa e a xestión sostible dos montes e o uso da madeira de coníferas de Galicia.

- 5°. Preservar e comunicar os valores ambientais, culturais, sociais e económicos vinculados aos montes e ao uso de madeira de coníferas e, en particular, dos piñeiros de Galicia.
- 6°. Promover e fomentar o consumo da madeira de coníferas de Galicia en todos os ámbitos e o uso de produtos certificados, así como impulsar o desenvolvemento de novas aplicacións da madeira con produtos de maior valor engadido.
- 7°. Promover e fomentar os aproveitamentos micolóxicos e outros aproveitamentos forestais compatibles coa produción de madeira de coníferas en Galicia.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións, Administracións Públicas ou persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

### **Artigo 7. Actividades fundacionais**

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Organizar todo tipo de actividades de promoción, formativas, de xestión e investigación dirixidas a promover e a potenciar o uso do piñeiro de Galicia, así como a xeración, o desenvolvemento e a promoción dunha nova marca e un selo de calidade que identifique a madeira de coníferas e, no seu caso, de piñeiros de Galicia.
- b) Crear os servizos de información, estudo, planificación, captación de recursos, administración e tutela dos mesmos, que as circunstancias aconsellen en cada momento para a mellor consecución dos fins da Fundación.
- c) Utilizar todos os medios de publicidade e difusión lícitos, ao seu alcance, para a divulgación dos valores vinculados á xestión sostible dos montes e ao uso e o consumo de coníferas de Galicia, fomentando a sostibilidade e a economía circular.
- d) Interesar e conseguir a colaboración de voluntarios para a realización dos obxectivos da Fundación.
- e) Favorecer a creación de canles de cooperación entre os produtores e xestores forestais, as empresas de servizos, as industrias forestais, os formadores, os deseñadores e os investigadores, co fin de que o seu coñecemento mutuo contribúa a desenvolver e a promover o uso do piñeiro de Galicia.
- f) Realizar ou colaborar en programas de actuación financiados polas Administracións Públicas nacionais, da Unión Europea ou de calquera outro Estado, e calquera outros apoiados por entidades, públicas ou privadas, que teñan por obxecto o fomento da posta en valor do uso do piñeiro de Galicia.
- g) Coordinar, colaborar, favorecer e obter a participación nos obxectivos, plans e programas elaborados pola Fundación, do maior número de entidades e organismos pertencentes ás Administracións Públicas galegas, españolas, estranxeiras e de natureza internacional.

- h) Colaborar nas súas actividades con outras fundacións e institucións, públicas ou privadas, de carácter local, provincial, autonómico, estatal ou internacional, subscribindo os acordos, contratos e protocolos que sexan necesarios a tal efecto.
- i) Calquera outra que afecte ou incida de algún modo no ámbito ou intereses xerais ou particulares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por tanto, dos membros que a integran.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Ademais, a Fundación poderá intervir en calquera actividade económica a través da súa participación en sociedades, con arranxo ao previsto na Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

#### **Artigo 8. Liberdade de actuación**

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución dos obxectivos concretos que, a xuízo de aquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis axeitados ou convenientes en cada momento.

### **TÍTULO TERCEIRO: REGLAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos**

A Fundación destinará á realización dos fins fundacionais, polo menos, o 70 % dos ingresos derivados das explotacións económicas que se desenvolvan e das rendas e ingresos que obteña por calquera outro concepto, título ou causa, deducidos os gastos realizados para a súa obtención. O resto deberá destinarse a incrementar a dotación fundacional ou reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio no que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche de dito exercicio.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

#### **Artigo 10. Publicidade das actividades**

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais

beneficiarios e demais interesados. A estes efectos, poderá realizarse a publicidade das actividades a través da páxina web da Fundación.

### **Artigo 11. Beneficiarios**

Os fins da Fundación están dirixidos, con carácter xenérico, aos seguintes colectivos de persoas:

- a) Calquera persoa, física ou xurídica, que necesite ou requira utilizar os instrumentos da Fundación para levar a cabo actividades relacionadas co obxecto e os fins da mesma.
- b) Calquera persoa, física ou xurídica, que persiga fins análogos aos da Fundación, que leve a cabo actividades coincidentes ou complementarias co obxecto da Fundación.

O Padroado reunirse para determinar os beneficiarios, adoptando a súa decisión por maioría simple dos votos dos Patróns presentes, en atención aos méritos dos postulantes, e interese dos proxectos que se presenten a valoración.

A determinación dos beneficiarios será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade, obxectividade, igualdade e non discriminación. Sen prexuízo disto, o Padroado deberá tomar especialmente en consideración, na determinación dos beneficiarios, os seguintes valores:

- a) O rigor profesional no estudo dos proxectos ou propostas.
- b) A imparcialidade e a transparencia na toma de decisións.
- c) O estrito cumprimento da legalidade e o enfoque ético das actividades.
- d) O compromiso e a xenerosidade no apoio á promoción dos valores ambientais, paisaxísticos e de sostibilidade vinculados ao uso do piñeiro de Galicia.
- e) O respecto ao desenvolvemento e á sostibilidade medioambiental do entorno e a súa vocación social.

## **TÍTULO CUARTO: ÓRGANOS DA FUNDACIÓN. ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN**

### **I.- ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **Artigo 12. O Padroado**

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle correspondan con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes Estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

### **Artigo 13. Carácter gratuíto do cargo de Patrón**

Os Patróns exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificados que lles sexan ocasionados polo desempeño das súas funcións en execución dos acordos aprobados polo Padroado.

Sen prexuízo disto, o Padroado poderá fixar unha compensación axeitada para os membros de dito órgano que presten servizos á Fundación distintos dos que implica o seu cargo de Patrón, debendo dar conta disto ao Protectorado no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 23.2 da Lei 12/2006.

### **Artigo 14. Composición**

O Padroado estará formado por Patróns electivos, sendo o seu número mínimo nove e o seu número máximo quince, non existindo Patróns natos.

Os Patróns serán designados de acordo coas regras establecidas no artigo 15 seguinte.

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas e xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar á persoa ou persoas físicas que as representen.

Os Patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente. Non obstante, poderán actuar no seu nome e representación outros Patróns designados polo representado.

### **Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros**

A designación dos membros que integren o primeiro Padroado será efectuada polos fundadores e constará na escritura pública de constitución da Fundación. Os fundadores poderán ostentar a condición de membros do Padroado.

A designación de novos membros do Padroado será realizada polo Padroado vixente que figure inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, por acordo da maioría simple dos seus membros.

Os Patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de seis [6] anos, podendo ser reelixidos para períodos sucesivos de igual duración.

O Padroado, dentro dos dous últimos meses do período de mandato vixente, procederá á designación dos novos membros ou á reelección dos existentes. Tamén se procederá á nova designación cando algún dos Patróns cese na súa función por calquera causa, incluída a renuncia ao cargo con anterioridade á data prevista para a expiración do prazo para o que fora designado. Ao chegar o vencemento do prazo de duración do mandato inicial, ou das sucesivas renovacións, sen que se acordara a renovación do mandato dos Patróns, estes continuarán no exercicio do seu cargo ata a seguinte reunión do Padroado na que se decida a súa renovación ou a súa substitución.

### **Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego**

Os Patróns empezarán a exercer as súas funcións trala aceptación expresa do seu cargo.

Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou ante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario, co visto e o plácet do presidente.

A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación será notificada polo Padroado ao Protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 17. Organización do Padroado**

O Padroado designará de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente.

Así mesmo, o Padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado. Neste último caso terá voz, pero non voto. No caso de que o secretario sexa, á vez, Patrón, o seu cese como Patrón non lle impedirá seguir actuando como secretario en tanto non se proceda á designación dun novo secretario.

O Padroado tamén poderá designar un tesoureiro, cargo que recaerá nun dos integrantes do Padroado e cuxas funcións serán as previstas no artigo 20.2 destes Estatutos.

### **Artigo 18. O presidente**

Corresponderalle ao presidente exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades, públicas ou privadas; acordar a convocatoria das reunións do Padroado, fixar a orde do día, presidir as reunións, dirixir e moderar os debates, someter a votación os acordos e, en caso de ser necesario, dispor a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.

O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se puideran producir nas votacións das reunións do Padroado.

### **Artigo 19. O vicepresidente**

Corresponderalle ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade deste. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos que así se determinen por acordo do Padroado ou por delegación expresa do presidente.

No caso de vacante, ausencia ou enfermidade tanto do presidente coma do vicepresidente, o presidente será substituído polo membro de maior idade do Padroado que se atope presente na reunión.

O vicepresidente, no momento do falecemento do presidente ou da renuncia por este, por calquera causa, a seguir ostentando este cargo, asumirá o cargo do presidente ata que sexa elixido un novo presidente polo Padroado.

### **Artigo 20. O secretario e o tesoureiro**

1. Son funcións do secretario:
  - a) Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
  - b) Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto, se forma parte do Padroado, ou solo con voz en caso contrario.
  - c) Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.
  - d) Expedir as certificacións, co visto e plácet da presidencia, en relación aos acordos adoptados polo Padroado.
  - e) Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído polo membro de menor idade do Padroado, que non se atope exercendo as funcións de presidente.

2. Son funcións do tesoureiro, ademais doutras que poida atribuír lle, de maneira expresa, o Padroado ou o presidente por delegación:
  - a) Supervisar a contabilidade da Fundación e a súa adecuación ás normas vixentes en cada momento.
  - b) Elaborar e presentar os proxectos de orzamentos e das contas anuais que teñan que someterse á aprobación do Padroado, así como controlar e supervisar a súa execución.
  - c) Recadar e custodiar os fondos destinados á Fundación.
  - d) Recomendar ao Padroado os investimentos financeiros que resulten pertinentes e presentar, no seu caso, un informe anual sobre o seu cumprimento, especialmente no caso da realización de investimentos temporais.
  - e) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o presidente do Padroado. A estes efectos, poderá estar autorizado para a realización das xestións bancarias que fosen necesarias realizar para o normal funcionamento da Fundación, previo acordo expreso do Padroado.

### **Artigo 21. Facultades do Padroado**

Na súa actuación, o Padroado deberá axustarse ao establecido na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes Estatutos.

Son facultades do Padroado as que seguen:

- a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.
- b) Designar presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro, unha vez que se produza o falecemento, a renuncia, o cese, a remoción ou a suspensión de calquera deles.



- c) Interpretar e desenvolver os presentes Estatutos e, no seu caso, adoptar os acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
- d) Fixar as liñas xerais de funcionamento da Fundación e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as súas actividades.
- e) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- f) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.
- g) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- h) Delegar as súas facultades nun ou máis Patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
  - a. A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
  - b. A modificación dos Estatutos.
  - c. O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
  - d. Calquera acto que precise da autorización ou a aprobación do Protectorado.

#### **Artigo 22. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado**

Na súa actuación, o Padroado deberá axustarse ao establecido na lexislación vixente á vontade dos fundadores manifestada nestes Estatutos.

Son obrigas dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade e o cumprimento dos acordos que se adopten nelas.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto.
- c) Obter a información necesaria para o axeitado cumprimento das súas funcións.

#### **Artigo 23. Responsabilidades dos Patróns**

Os Patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os Patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e prexuízos que causen polos seus actos contrarios á Lei ou aos Estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o seu cargo.

Quedarán exentos de responsabilidade os Patróns que voten en contra do acordo e os que proben que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, opuxéronse expresamente a aquel.

#### **Artigo 24. Renuncia, cese e suspensión dos membros do Padroado**

O cese e a suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego ou na norma que a substitúa; e, ademais, polas seguintes causas:

- a) Ser obxecto dun procedemento de concurso de acredores.
- b) Exercicio fronte a eles da acción de responsabilidade social.
- c) Ausencia a máis de oito reunións do Padroado, sen concorrer xusta causa, tendo sido debidamente convocados.
- d) Formar parte do Padroado doutra Fundación con fins semellantes, sen autorización do Padroado.
- e) Ausencia de dilixencia no desempeño do cargo apreciada pola maioría dos integrantes do Padroado, sen necesidade de declaración xudicial ao respecto.

A renuncia ao cargo de Patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación; sendo efectiva desde o momento en que se notifique ao órgano de goberno da Fundación.

O cese e a suspensión dos membros do Padroado comunicarase ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

#### **Artigo 25. Reunións do Padroado**

O Padroado reunirse, polo menos, dúas [2] veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou a petición dun número dos membros do Padroado que represente, polo menos, o vinte cinco por cento destes.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da celebración da reunión. Realizarase por escrito e farase chegar a cada un dos Patróns, polo menos, con dez [10] días naturais de antelación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. En casos excepcionais, de maneira motivada, a convocatoria poderá realizarse cunha antelación de corenta e oito horas, por un medio que acredite a recepción da mesma polos Patróns, facendo constar as circunstancias referidas.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os Patróns, acorden, por unanimidade, a celebración da reunión e a correspondente orde do día de asuntos a tratar.

## **Artigo 26. Formas de deliberar e de adoptar acordos**

O Padroado entenderase validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade máis un dos asistentes; sendo dirimente, en caso de empate, o voto da presidencia.

Non obstante, requirirase o voto favorable de dúas terceiras partes [2/3] dos membros do Padroado asistentes á reunión, sempre que, ademais, supoñan a maioría absoluta dos membros do Padroado, para aprobar acordos que se refiran á modificación dos Estatutos, e á disposición de bens a título gratuito, a fusión, a escisión, a disolución ou a extinción da Fundación.

De igual forma, respectaranse as maiorías cualificadas que poida esixir a lexislación vixente para a adopción de acordos relativos a calquera outros asuntos.

O patrón absterase de exercer o dereito de voto cando se trate de adoptar un acordo polo que: a) Se fixe unha retribución polos seus servizos prestados á Fundación, distintos dos que implica o desempeño das funcións que lle corresponden como membro do Padroado. b) Cando se trate do exercicio da acción de responsabilidade fronte a el.

O secretario elaborará unha acta das reunións do Padroado, que deberá ser subscribida por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente Libro de Actas e será asinada polo secretario, co visto e plácet do presidente.

## **II. – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO, DE XESTIÓN E HONORÍFICOS**

### **Artigo 27. Consellos asesores**

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos semellantes con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais; así como aprobar, no seu caso, o regulamento de funcionamento dos mesmos.

Poderán atribuírse a estes consellos asesores, entre outras, as seguintes facultades: a) Propoñer ao Padroado iniciativas de actuación da Fundación e, no seu caso, o modo de financiar a iniciativa no caso de que sexa acollida polo Padroado. b) Asesorar ao Padroado en cantas cuestións este lles demande. c) Promover calquera iniciativa preordenada a lograr o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 28. Colaboradores adheridos**

Poderán adherirse á Fundación, con carácter de colaboradores adheridos, aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, cuxa actividade ou contribución poida favorecer a consecución dos obxectivos e dos fins fundacionais.

As solicitudes de adhesión deberán ser obxecto de aprobación pola maioría simple dos membros do Padroado, fixándose, no seu caso por medio do oportuno acordo ou convenio, a contribución ou achega económica que teñan que realizar. Se así o aproba o Padroado, na forma e coas maiorías establecidas ao efecto, os colaboradores adheridos poderán ser designados Patróns.

#### **Artigo 29. Xerente**

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director Xerente, con competencias en materia de xestión e administración ordinaria da Fundación. Este cargo é compatible co de Patrón da Fundación.

O Director Xerente será nomeado e cesado polo Padroado. Ditas decisións deberán ser notificadas ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A remuneración do Director Xerente será fixada polo Padroado.

#### **Artigo 30. Patróns e colaboradores honoríficos**

O Padroado, por maioría absoluta dos seus membros, poderá acordar o nomeamento de Patróns honoríficos da Fundación, así como colaboradores honoríficos, ás persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que teñan contribuído ou contribúan, de maneira destacada, á consecución dos fins e obxectivos fundacionais.

### **TÍTULO QUINTO: RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 31. Patrimonio fundacional**

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se afectan á dotación, como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integren o seu patrimonio, nos rexistros públicos correspondentes.

#### **Artigo 32. Dotación da Fundación**

A dotación da Fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación e por aqueles outros que, no sucesivo, se consigan con este carácter.

#### **Artigo 33. Adscrición do patrimonio fundacional**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que persegue a Fundación nos termos establecidos na lexislación vixente e nestes Estatutos.

### **Artigo 34. Financiación**

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades propias, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fose o caso, con aqueloutros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

Ademais, a Fundación poderá intervenir en calquera actividade económica a través da súa participación en sociedades mercantís nas que non responda persoalmente das débedas sociais. No caso de que a participación sexa maioritaria, isto é, superior ao 50 % do capital social ou dos dereitos de voto, deberá comunicalo ao Protectorado en canto se produza tal circunstancia. Do mesmo xeito, cando a participación sexa igual ou superior ao 20 %, deberá informar de dita participación ao Protectorado na súa memoria anual.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarias á vontade fundacional.
- c) Non impliquen unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

### **Artigo 35. Plan de actuación**

O Padroado elaborará, aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación que conteña os obxectivos e as actividades que teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto cunha previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa do mesmo. O antedito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 36. Contas anuais**

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, que responde da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e serán presentadas ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres primeiros meses seguintes ao día de peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

#### **Artigo 37. Exercicio económico**

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.

### **TÍTULO SEXTO: DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN**

#### **Artigo 37. Modificación dos Estatutos**

Os presentes Estatutos poderán ser modificados por acordo do Padroado, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes Estatutos e na lexislación vixente. En todo caso, a modificación dos Estatutos requirirá a maioría que se contempla no parágrafo terceiro do artigo 26 destes Estatutos.

A antedita modificación será levada a cabo cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación variaran de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos Estatutos en vigor.

#### **Artigo 39. Fusión e escisión**

A Fundación poderá fusionarse con outra ou con outras unha vez se adoptaran os acordos correspondentes por parte dos Padroados.

Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

#### **Artigo 40. Extinción da Fundación**

A Fundación extinguirase polas causas legais e estatutariamente establecidas e conforme cos procedementos previstos na normativa vixente.

#### **Artigo 41. Liquidación e adxudicación**

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizado polo Padroado, baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación da Fundación destinaranse a fundacións ou a entidades non lucrativas, privadas ou públicas, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins relacionados coa investigación forestal ou da madeira inscritas en Galicia. En ningún caso se destinarán a outras causas que non garden relación cos fins da Fundación establecidos nestes Estatutos.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **Artigo 42. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego**

Para a adopción dos acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación serán necesarias as maiorías establecidas no artigo 26 dos presentes Estatutos.

A modificación e a nova redacción dos Estatutos da Fundación, unha vez teñan sido obxecto de aprobación polo Padroado, será obxecto de formalización en escritura pública, comunicada ao Protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Os acordos atinentes á fusión, escisión, extinción, disolución e/ou liquidación serán comunicados e/ou autorizados polo Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL**

O contido destes Estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.

A interpretación do establecido nos presentes Estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, resultará de aplicación no expresamente non previsto neles.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019